

# MESA SECTORIAL 26/05/2026

- CONVOCATORIA DE LICENCIAS POR FORMACIÓN
- ANTEPROXECTO LEI EDUCACIÓN DIXITAL
- XORNADA SEMANAL DO PERSOAL
- CALENDARIO ESCOLAR 2026-2027
- MODIFICACIÓN DOS CATALOGOS DE ED. INFANTIL E ED. PRIMARIA.

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día 27/05/2026 abordáronse os seguintes puntos:

## 1. Convocatoria de licencias por formación

### Propostas sindicais

#### • Recuperación de licenzas retribuídas

As licenzas por estudos retribuídas son un dereito recoñecido en moitas comunidades autónomas e constitúen un incentivo real para a formación e a innovación docente. A súa ausencia supoñen unha discriminación e un desincentivo para o profesorado galego respecto a outras rexións. A Lei Orgánica de Educación (LOE) e normativas autonómicas recollen a posibilidade de licenzas retribuídas para estimular a formación e a investigación que revirtan en beneficio do sistema educativo.

**Instamos á administración a recuperar e ampliar a oferta de licenzas retribuídas, alomenos para determinadas modalidades ou colectivos prioritarios,** porque entendemos que é un camiño indispensable para a especialización dun docente e polo tanto contribúe á mellora da calidade do ensino.

#### • Duración máxima das licenzas 2026/27

Dase un cambio na duración máxima das licenzas 2026/27:

Establecense 2 períodos:

- 15 setembro – xaneiro
- febreiro – 30 xuño

cunha duración máxima de 5 meses.

**Solicitamos que se adiante o inicio ao 1 de setembro.**

Ante os 96 meses que se ofertan (80 submodalidade A, 16 submodalidade B) **solicitamos a súa ampliación pola demanda que tivo o curso pasado a convocatoria.**



• **Prazo de presentación**

Punto quinto. Queremos saber cantos días terá o prazo de presentación de solicitudes e as datas previstas.

**Resposta da Administración**

- A Administración acepta o cambio de datas ao 1 de setembro.
- **As persoas participantes poderán participar en actividades de formación.**
- **Elimínase o requisito de 2 anos en activo para funcionarios de carreira.**

## 2. Anteproxecto Lei de Educación Dixital

**Propostas sindicais**

Desde UGT SP Ensino en **primeiro lugar**, reclamamos que a lei incorpore un “**apartado de compromiso orzamentario**”.

Non se pode esixir aos centros e ao profesorado novas obrigas sen garantir previamente recursos, persoal técnico e infraestruturas.

A dixitalización non pode depender da boa vontade dos equipos directivos nin do voluntarismo docente.

En **segundo lugar**, é imprescindible blindar o dereito á desconexión dixital. A realidade é que moitas tarefas administrativas e comunicacións profesionais se están desprazando fóra da xornada laboral. A lei debe prohibilo expresamente e garantir que a tecnoloxía non amplía a xornada nin invade a vida persoal.

**Terceiro:** a formación dixital debe ser obrigatoria, financiada e dentro do horario de permanencia no centro. Non pode converterse nunha carga adicional nin nun requisito que penalice ao profesorado.

**Cuarto:** a lei atribúe ao profesorado funcións que non lle corresponden: seguridade informática, xestión de datos, administración de plataformas. Isto é inasumible. Reclamamos a dotación de atención técnica TIC especializada en todos os centros.

Por último, reclamamos **garantías de equidade:** dispositivos para todo o alumnado, conectividade para familias vulnerables evitando o uso dispositivos persoais.

En resumo: Galicia necesita unha lei de educación dixital, si, pero unha lei con garantías, con recursos e con respecto aos dereitos laborais. UGT SP Ensino está aquí para asegurar que a dixitalización non se faga a costa do profesorado nin da calidade educativa.

**En canto ao articulado:**

**Art. 28**

**No punto 3, recóllese o seguinte:**

3. A consellería poderá establecer, nos termos da normativa aplicable, accións formativas obrigatorias cando resulten estratéxicas para o funcionamento do sistema educativo.

**No seu lugar propoñemos a seguinte redacción:**



3. A consellería competente en materia de educación poderá establecer, nos termos da normativa aplicable, accións formativas obrigatorias cando resulten estratéxicas para o funcionamento do sistema educativo. Estas accións incluíranse no cómputo de horas complementarias non fixas.

As actividades que revistan carácter obrigatorio deben computarse entre as de dedicación con presenza no centro, sen poder exceder o seu límite semanal.

#### **Art. 34**

##### **No texto recóllese o seguinte:**

Nas probas virtuais realizadas sen supervisión docente presencial, tales como as probas en liña realizadas polo alumnado de forma remota sen que ningún docente estea fisicamente presente xunto ao alumnado, deberán adoptarse medidas específicas para garantir a autenticidade e fiabilidade dos resultados obtidos, preservando ao mesmo tempo os dereitos do alumnado.

##### **Propoñemos a seguinte redacción:**

As probas virtuais realizadas sen supervisión docente presencial, tales como as probas en liña realizadas polo alumnado de forma remota sen que ningún docente estea fisicamente presente xunto ao alumnado, terán un carácter excepcional. Só se poderán autorizar naquelas ensinanzas que se desenvolvan a distancia na modalidade en liña; nas demais ensinanzas, previa petición e xustificación das persoas interesadas ou as súas representantes legais, poderán celebrarse en casos de hospitalización, de prescrición de corentenas ou de repouso domiciliario, que se acreditarán documentalmente. En todos estes casos, deberán adoptarse medidas específicas para garantir a autenticidade e fiabilidade dos resultados obtidos, preservando ao mesmo tempo os dereitos do alumnado.

Non apreciamos a necesidade de establecer a posibilidade de celebrar probas de avaliación sen supervisión docente presencial, agás cando concorra algún dos casos recollidos no texto alternativo proposto.

#### **Art. 58**

##### **Onde se recolle:**

2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá un catálogo de sistemas de IA autorizados ou validados para o seu uso pedagóxico e administrativo, así como directrices de bo uso destas tecnoloxías nos centros. Dito catálogo formará parte do Inventario de sistemas de intelixencia artificial ao que se refire o artigo 35 da Lei 2/2025, de 2 de abril.

##### **Propoñemos a seguinte redacción:**

2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá un catálogo de sistemas de IA autorizados ou validados para o seu uso pedagóxico e administrativo, así como directrices de bo uso destas tecnoloxías nos centros. Dito catálogo formará parte do Inventario de sistemas de intelixencia artificial ao que se refire o artigo 35 da Lei 2/2025, de 2 de abril. A tal fin, destinará os recursos humanos necesarios para manter ese catálogo permanentemente actualizado, con revisións periódicas que permitan a incorporación de



ferramentas que vaian aparecendo e substitúan ou incorporen funcionalidades que se xulguen de interese.

A vertixinosa velocidade coa que se rexistran avances neste campo fai imprescindible manter a atención nas novidades que poden aparecer e provocar a obsolescencia de ferramentas, aplicacións ou sistemas que con anterioridade dominaban algún determinado aspecto, de maneira que resulta contradictorio co espírito desta lei permitir que unha limitación burocrática free o seu desenvolvemento.

### Resposta da Administración

A Lei irá acompañada dunha memoria económica.

## 3. Instrucións sobre a xornada semanal do profesorado 2026-2027

### Propostas sindicais

Desde UGT-SP e o resto de organizacións asinantes do Acordo de medidas de mellora, **valoramos positivamente** que a Administración recollese no novo borrador a práctica totalidade das achegas que fixemos na mesa do pasado 13 de maio (ver intervención na Mesa Sectorial do 13 de maio). **Pero seguimos esixindo as seguintes cuestións para mellorar o texto:**

- **1 sesión de titoría para atención de nais, pais, representantes legais e alumnado.** No caso de que non existan citas previamente concertadas na semana, a dirección do centro poderá, por necesidades do servizo (en vez de asignará), asignar ao profesorado a realización doutras funcións non lectivas durante ese período.
- **Solicitamos a eliminación do último parágrafo relativo ao cómputo semanal das gardas.** A maioría dos centros, en función das súas dispoñibilidades horarias, están computando na actualidade as gardas ben como unha garda por sesión —no caso das gardas de clase—, ben como dúas gardas equivalentes a unha sesión —no caso das gardas de recreo ou transporte—, sen maior problema. Por iso, consideramos que esta frase vai crear un problema que actualmente non existía, xa que podería darse a situación paradóxica de que, se as gardas de transporte duran 12 minutos ou menos, con esta redacción as cinco gardas de inicio das actividades lectivas de toda a semana computasen como unha sesión e as cinco de saída como outra sesión. En definitiva, consideramos que sería crear un problema onde non o había.

### Aceptase revisar a súa posible retirada.

- No que respecta á **redución horaria da xefatura de departamento**, no caso dos departamentos unipersoais, volvemos solicitar que debería incluírse unha redución lectiva cando se trate de departamentos con moitas horas lectivas e con moito alumnado. Non é o mesmo unha redución complementaria fixa para unha xefatura de departamento que conte



con poucas horas lectivas ca para outros departamentos que, aínda sendo unipersoais, teñen unha maior carga lectiva de clases e atenden máis alumnado.

- **No caso dos departamentos de maior tamaño**, habería que incluír unha maior redución “tanto do horario lectivo como do horario complementario fixo” asignado a este tipo de departamentos.
- **Nos apartados Terceiro.3 e Terceiro.4** entendemos que debería tentar **evitarse que unha mesma persoa desempeñe varias responsabilidades**, pero haberá numerosos casos onde isto non sexa posible, sobre todo entre a titoría e as diversas coordinacións de cada centro. Por este motivo, consideramos que debe quedar absolutamente claro que as dedicacións horarias establecidas neste documento serán acumulables no caso de que unha persoa deba desempeñar de xeito simultáneo máis dunha das seguintes funcións: titoría dun grupo, xefatura dun departamento, coordinación, programas ou responsabilidades organizativas. Cremos que aínda resultando obvio que as dedicacións horarias deben ser para quen desempeña o traballo na realidade, convén que quede correctamente especificado para evitar diverxencias na interpretación deste asunto.

**Aceptase revisalo.**

- En canto **ao coordinador de convivencia e benestar** a redución horaria solicitamos alomenos dúas horas lectivas e dúas complementarias fixas, para poder desempeñar a totalidade de funcións que establece a orde que recolle esta figura.

**Aceptase.**

- En canto **ao profesorado que participa en seccións bilingües** solicitamos alomenos unha complementaria fixa por cada sección bilingüe que imparta.

**Aceptase revisalo.**

- Solicitamos que se actualicen as certificacións emitidas para as persoas que exercen a **responsabilidade de programas internacionais** en IES como “coordinadoras de programas internacionais” e que estas persoas conten coa mesma dedicación horaria que corresponde á coordinación correspondente.
- Faltaría incluír **outras coordinacións**, como por exemplo a de Plan Dixital, naqueles centros que aínda manteñan esta figura, xa que aos centros trasmitiuse desde o inicio do plan dixital que era un plan anual que había que facer cada ano con novos obxectivos adaptados á realidade do centro.
- Solicitamos incluír o **coordinador de formación**, que debería ter alomenos unha sesión lectiva de redución e complementarias fixas segundo necesidades do centro.
- Solicitamos tamén a inclusión entre as **reducións horarias do Coordinador/a do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables**.
- No apartado 4 seguimos considerando que en ciclos de FP, sobre todo en FP Básica, que se debería respectar a singularidade desta etapa en canto a **redución horaria de titores**, considerando ademais que na Orde de desenvolvemento de ROC de IEs se recollía a “posibilidade de ata tres horas de redución”.



## 4. Orde do calendario escolar 2026-2027

### Valoración xeral

Valoramos positivamente que a Administración **aceptara a enmenda que presentamos UGT SP Ensino** e o resto de organizacións da mesa sectorial de que había que **establecer un día non lectivo máis no calendario escolar** do curso que ven, entre cuxas posibilidades que dabamos, estaba o propio **7 de xaneiro**. Desta forma e como parece posible, o **19 de marzo** sexa festivo autonómico finalmente, teríamos por primeira vez en 4 anos un calendario escolar que respetara o **mínimo de 175 días hábiles** que recolle a LOMLOE.

Tamén valoramos que a Administración recapitara e non acometera a derogación por completo da Orde do 17 de xullo de 2007 que establece a **percepción do complemento de acción titorial así como funcións dos coordinadores/dinamizadores de TIC, bibliotecas ou programas internacionais**.

### Propostas sindicais

Seguimos reclamando, porén, como xa fixemos na mesa do pasado 13 de maio, as propostas seguintes:

#### Art. 4.2 – Programacións didácticas

- Aínda que mellora respecto ao curso pasado, o prazo segue sendo insuficiente. Propónse ampliar ata mediados de outubro, dado o volume de tarefas de inicio de curso.

#### Art. 4.3 – Incorporación gradual en 4º curso de Infantil

- Os días de adaptación son insuficientes en aulas numerosas. Propónse permitir a adaptación ata o 30 de setembro segundo necesidades de cada aula.

#### Art. 5 – Fin das actividades lectivas

- Propónse adiantar ao **18 de xuño**.

#### Pendente de resposta.

#### Art. 12 – Servizos complementarios

- Manifestamos oposición a que criterios de aforro no transporte escolar condicionen horarios pedagóxicos.

**A Administración indica que están condicionados polos contratos coas empresas.**



## 5. Proposta de modificación dos catálogos de postos de traballo de Educación Infantil e Educación Primaria.

### Propostas sindicais

Desde UGT-SP Recibimos a proposta da Administración en canto a modificación de catálogos en postos de PT e AL. **A proposta establece un 2 PT para centros de 15, 16 e 17 unidades, 3 PT nos centros de 18 ou mais unidades de Ed. Primaria e un AL nos centros de 11 a 17 unidades en centros de Ed. Infantil e Primaria.**

Solicitamos a administración que se convoque una reunión coa presenza do sindicato CSIF, que tamén estaba na sinatura do preacordo de Catálogos.

Tras a **negativa da Administración** pedimos un receso para contactar con CSIF.

**Finalmente facemos una contraproposta conxunta** por parte das organizacións asinantes do Acordo de mellora pedindo a dotación de **2 PT nos centros de 9 a 17 unidades de Ed. Primaria e de un AL en centros de 9 a 17 unidades de Ed. Infantil e Primaria.**

## 5. Outros asuntos tratados

### Propostas sindicais

### Solicitamos axilización da información dos procesos selectivos.

Xa se están a reunir cos presidentes dos tribunais, e posiblemente esta semana se publicarán os tribunais.

**ROC'S.** Dados os próximos cambios nos horarios lectivos, pedimos abordar a modificación a maior brevedade dos ROC'S actuais.

### Prazas sometidas a convenio:

En principio non sairan este ano(soamente sairían dúas).

### CADP:

Estase a traballar en sacar o maior numero posible cos datos que se teñen en canto a previsión de número de docentes.

